

Recomendacións para a realización de exames presenciais na Universidade da Coruña

(Actualización das Recomendacións do 11/01/2021)

Logo de que as autoridades sanitarias estatais e das comunidades autónomas, apostaran pola presencialidade nas aulas por consideralas espazos seguros e, dada a actual evolución de alta transmisión comunitaria da pandemia neste ano 2022, é mester revisar as recomendacións para a realización dos exames nos centros da UDC, así como insistir na necesidade de aplicar e ser coidadosos coas medidas preventivas fronte á COVID-19, que no primeiro trimestre deste curso 2021/22 todos relaxamos nalgunha medida, é dicir: o uso da máscara obrigatoria, manter a distancia, social, realizar a hixiene de mans e a ventilación, son medidas fundamentais.

Os casos exentos de levar máscara segundo se detalla na normativa vixente, deberán estar debidamente xustificadas cun mínimo de 48 horas antes do inicio do exame, para poder organizar o espazo.

ACCESO Á AULA

Nas aulas que contén con dúas portas, recoméndase que o acceso e saída se realicen por portas diferenciadas, para evitar problemas de circulación no interior da aula.

Antes de acceder desinfectaranse as mans con xel hidroalcohólico.

O alumnado accederá ás aulas segundo a súa chegada, respectando en todo momento a distancia interpersonal (1,5 metros mínimo). Recoméndase que inicialmente se cubran os postos máis afastados das portas de acceso. Se o aula conta cun sistema de identificación (p.e. código QR) procederán a súa activación. No caso de non contar con estes sistemas, na folia do exame deberán identificar a aula e o posto que ocupan co fin de poder realizar o seguimento no caso de existir un caso COVID-19.

Cada alumno/a levará todos os materiais necesarios para o desenvolvemento da proba e que estean autorizados polo responsable do exame (bolígrafos, lapis, gomas, calculadora etc.), así como a documentación identificativa e o material de prevención necesario, de ser o caso (máscara de reposto, xel hidroalcohólico, panos de usar e tirar, etc.). Non se poden compartir materiais durante a realización das probas.

O/a alumno/a poderá ter na aula unha mochila, carteira ou bolsa de deporte, na que meterá todas as súas pertenzas que levará en todo momento consigo, facéndose responsable da mesma e do seu uso correcto e que colocará ao seu carón nunha localización visible.

DISTRIBUCIÓN E PERMANENCIA NA AULA

A distribución do alumnado na aula garantirá, na medida do posible, a separación entre cada asistente. Procurarase intercalar os/as alumnos/as entre filas sucesivas, de xeito que non queden xusto detrás do alumnado das filas colindantes.

Recoméndase que antes do inicio do exame, a persoa responsable coloque as probas e calquera material necesario nas mesas habilitadas, co fin de evitar a circulación innecesaria do alumnado.



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Código Seguro De Verificación	3vMBY+xdDotgJyIXMaLp0g==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/01/2022 11:26:42	
Observacións		Páxina	1/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3vMBY+xdDotgJyIXMaLp0g==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Unha vez iniciada a proba non se poderá abandonar a aula sen a autorización do/a docente.

Unha vez rematada a proba o/a alumno/a levantará a man e seguirá as instrucións do/a docente para proceder á entrega da proba e ao abandono da aula, mantendo en todo momento a distancia persoal de seguridade. É necesario advertir ao alumnado de que fóra da aula non poderá permanecer nos corredores e que deberá abandonar a zona.

NORMAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN

O alumnado en illamento pola COVID-19, en corentena domiciliaria por contacto estreito non poderá presentarse ao exame e comunicará esta situación ao profesorado responsable co fin de articular as accións que correspondan para o desenvolvemento da proba. Neste suposto son de aplicación as previsións contidas no Art. 12º.- Solicitud de realización de probas de avaliación en datas distintas da ordinaria das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das Cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario.

Respecto ao profesorado responsable, caso de estar afectado pola COVID-19 serán de aplicación as previsións contidas no Art. 11º Asistencia do profesorado responsable, da precitada normativa.

Se un alumno/a ou examinador/a mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante a proba será levado ao local COVID-19, usando máscara e mantendo en todo momento a distancia interpersonal de seguridade. Deberase contactar co 881 540 045 e seguir as súas.

Prestarase especial atención ao alumnado con diversidade funcional ou necesidades específicas.

Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

Recoméndase unha ventilación previa ao inicio do exame por un prazo de, polo menos, 30 minutos ao inicio e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e, obrigatoriamente, ao finalizar cada actividade.

Na normativa consolidada da Xunta de Galicia segue en vigor o articulado referente ao principio de cautela e protección:

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/525/Normativa_covid19_consolidada.pdf

Ramón del Valle López

Xerente

Código Seguro De Verificación	3vMBY+xdDotgJyIXMaLp0g==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	13/01/2022 11:26:42	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3vMBY+xdDotgJyIXMaLp0g==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			